

Conclusións Proxecto ACADAS

ERASMUS+K10

1- Enfoque de intervención personalizada temperá.

As recomendacións finais do proxecto propoñen un modelo de intervención temperá para alumnado de entre 12 e 17 anos, é dicir, a definición de competencias para o futuro dende unha perspectiva máis práctica. De este xeito, o alumnado estará máis preparado cando comecen a formación dual aos 17 anos.

2- Estandarización dos méritos educativos e personalización da educación.

A educación debe ser personalizada para equilibrar tanto as necesidades como as capacidades de cada alumno/a, por exemplo, a súa personalidade, o seu estilo de aprendizaxe, así como o seu estado anímico, afectivo e a súa participación. É necesario definir indicadores para o seguimento dos méritos educativos e tamén para detectar os grupos de risco.

E compre valorar ao alumnado dende un enfoque holístico, é dicir, dende todas as áreas (partir dun enfoque interdisciplinar)

3- Potenciar a rede entre a escola e o mundo laboral.

A colaboración e a comunicación é unha parte importante da mellora da educación do alumnado con diversidade funcional. Mellorar a comunicación a nivel local, rexional e nacional e a colaboración intersectorial. Encontrar socios clave para a transformación do modelo educativo en busca dun futuro laboral.

- Mellorar a rede co mundo de traballo (como o proxecto "walk" en Irlanda que comeza na escola).
- Formación dual adaptada como achega real ás empresas. (romper prexuízos)
- Oportunidades xustas de traballo.

4- Cambios nas políticas nacionais.

O cambio que perseguimos inclúe un novo enfoque a nivel nacional e novas prácticas e directrices para todas as partes interesadas. En Europa concluímos o seguinte:

- É necesario un cambio no modelo educativo
- Debemos incluír ós expertos na materia no cambio
- Elaboración de directrices prácticas para as institucións
- E por último un Enfoque Ascendente - comezar a aplicar este método en contextos pequenos, ir mostrando resultados nun ambiente constructivo e ir propoñendo e contaxiando o modelo para despois ir extendendo a súa implantación.

Redes de apoio ao alumnado e ao profesorado.

Medir a eficacia dos apoios ao alumnado, así como tamén dotar ou poñer ao alcance ferramentas no día a día e de forma individualizada para o profesorado, coa fin de reducir o fracaso escolar e mellorar os recursos para loitar contra o abandono escolar temperá. Cales son as directrices que entre todos os países socios do proxecto deberíamos seguir??

- Compartir prácticas e resultados co departamento de orientación.
- Un Acceso máis doado e libre aos recursos materiais e persoais.
- Formación específica para o profesorado.
- Reforzar a inclusión real na escola.

5- Sistemas de seguimento e alerta para os grupos de risco.

Hai que desenvolver ou actualizar os sistemas para facer un seguimento dos indicadores e ofrecer análises e informes pertinentes e actuais, e por tanto, desenvolver un protocolo eficaz de seguimento dos alumnos/as con risco de baixo rendemento e de abandono escolar temperá nas persoas con diversidade funcional.

- Maior comunicación entre familias e centro educativo/titores.

6- Promover a aprendizaxe permanente, o desenvolvemento de competencias e a inclusión social.

O estudantado con diversidade funcional debe desenvolver unha mentalidade de apegos á escola e á aprendizaxe. Fomentar tamén a motivación ante novos retos de inclusión social e laboral na vida despois da escola.

En definitiva, sentirse partícipes e valorados na escola. Parece algo moi obvio pero que temos olvidado, xa que non sempre é así co alumnado que atendemos.

PASOS A FUTURO

- Recoñecemento de méritos e capacidades. Malia estar incluído xa na LOMLOE, estaremos expectantes de como se vai a levar a cabo e como se vai plasmar en realidade.
- Un dos motivos que nos levou a facer este proxecto e que o alumnado con NEE non abandonan o sistema educativo senón que os exclúen e apelamos ao dereito de igualdade de oportunidades para TODOS/AS. Hai que crear ou adaptar os itinerarios máis alá da educación secundaria obrigatoria para as persoas con diversidade funcional
- Temos que ser palanca de cambio. Se este modelo funciona, (importancia do equipo interdisciplinar) temos que levalo máis alá. Ser constructivos e seguir construíndo o modelo, temos que difundilo e animar a implantalo.
- Enfoque holístico na personalización da educación
- Crear un pequeno ecosistema cun enfoque de lanzamento dende a escola cara o mundo laboral.
- Método de formación dual adaptado e unha oferta máis ampla e variada.
- Enfoque de intervención temperá, (a partir do 12 anos) comezar a traballar competencias que permitan ir adquirindo aptitudes en todos os eidos da vida, social, escolar, habilidades da vida diaria, autonomía, prelaboral...
- É preciso cambiar as políticas dos países de cara a ACADAR una formación e un futuro laboral para as persoas que atendemos. É xusto que TODOS E TODAS podamos garantir unha estabilidade laboral e un futuro digno. Dende Aspaber queremos impulsar este cambio.